
Unha mirada cara a *u* e *onde* n'As Cantigas de Santa María: un traballo cuantitativo

Brian M. Gravelly
University of Georgia

Data de recepción: 12/12/2016 | Data de aceptación: 24/04/2017

Resumo:

A variabilidade lingüística dos adverbios *u* e *onde* é unha das diferenzas máis excepcionais no galego-portugués. Aquí pretendo analizar de xeito cuantitativo os usos de ambos os adverbios, fixándome tanto na variación ortográfica coma na variación semántica. A miña análise baséase nunha das coleccións máis grandes das composicións líricas da Idade Media, *As Cantigas de Santa María*, e proba que os usos específicos de *u* e *onde* documentados neste período para o galego-portugués marcaban os usos orixinais das respectivas variantes do latín.

Palabras chave:

galego-portugués; lírica medieval; cantigas; adverbio; locativo.

Sumario:

1.0. Introducción. 1.1. Proposta. 1.2. Información do corpus. 1.2.1. Edición Mettmann. 2.0. *ũbĩ* e *ũnde* no latín vulgar. 2.1. As variantes de *u* e *onde* n'As Cantigas. 2.2. Exemplos achados de *u*, *onde* e as súas variedades. 3.0. Conclusións e extensión do traballo. Referencias bibliográficas.

A look at u and onde in the Cantigas de Santa María: a quantitative work

Abstract:

The linguistic variability of the adverbs u and onde is one of the most overlooked yet intriguing differences of Galician-Portuguese. I set out to analyze quantitatively the uses of both adverbs, concentrating on the orthographic variation as well as the semantic variation. My analysis has its base in one of the largest collections of lyrical compositions of the Middle Ages, As Cantigas de Santa María, proving that the specific uses of u and onde that were documented at this time in Galician-Portuguese were still marked by the original Latinate variants.

Key words:

Galician-Portuguese; medieval poetry; Cantigas; adverb; locative.

Contents:

1.0. Introduction. 1.1. Proposal. 1.2. Corpus information. 1.2.1. Mettmann's edition. 2.0. Ũbĩ and ũnde in Vulgar Latin. 2.1. The variants of u and onde in As Cantigas. 2.2. Examples of u, onde, and their varieties. 3.0. Conclusions and extension of the work. Bibliography.

1. Introducción

1.1. Proposta

A miña análise tratará de ampliar o traballo de Bittencourt (2003) e examinar o valor semántico de cada caso achado de *u* entre as catrocentas vinte e sete cancións monofónicas representadas n'*As Cantigas*, xa que a autora só analiza as primeiras cincuenta e dúas. Na época medieval da poesía galego-portuguesa (séculos XIII-XIV), namentres *u* sempre foi preferido a *onde* en caso de emprego de temporalidade, localización e dirección, o seu uso particular parece ter caído ao redor do século XVI (Said Ali, 1966: 185), ficando nunha interrogación de morfosintaxe fixa nas variantes de *ulo* no galego moderno. Igual cá autora, intento crear unha organización segundo as variantes ortográficas e semánticas, factores concomitantes dende o meu punto de vista.

1.2. Información do corpus

Os datos analizados veñen da maior colección unitaria de *Cantigas* da lírica galego-portuguesa da Idade Media. Aínda que o rei castelán Alfonso X foi acreditado coa realización da maioría das *Cantigas*, declaran Snow (1992) e Fidalgo (2002), entre outros, que seguramente foi o que ordenou e supervisou as obras escritas no seu nome, o cal sinala a súa facultade indirecta. De feito, Tavani (1986: 255) indica o grupo de trovadores que frecuentou a corte, e polo tanto, puido contribuír ao proxecto e desenvolveu o traballo deliñado por Alfonso O Sabio.¹

A miña decisión de elixir este grupo de cantigas baseouse en dúas razóns. A primeira, polo feito de seren a maioría delas narrativas e facer referencia a aspectos da vida cotiá, é posíbel que a súa escrita represente, de maneira bastante fiábel, o tipo de fala achado nas conversas informais da época. Nun texto formal, coma nalgúns que revisa Bonfim (1993), a formación e emprego de *u* son case predicíbeis. Así mesmo, n'*A vida e a fala dos devanceiros* (X. Ferro Couselo, 1967), unha escolma de textos diacrónica que contén textos do século XIII até o XVI, por seren de carácter administrativo, xurídico, notarial, vemos que teñen un *u* moi determinado, moitas veces en combinación coas conxugacións do futuro de subxuntivo. O segundo motivo polo cal elixín este texto foi pola autenticidade das cantigas e os seus escritores. Tavani (1986: 255) expresa que non cabe dúbida de que os escritores baixo a tutela de Alfonso X foron trovadores e xograres

1 Véxase p. 256-262.

galego-portugueses. A pesar do extensivo traballo que fai Bonfim, algúns textos analizados (*Demanda do Santo Graal*, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, *Regra de San Bernardo*) foron traducidos ao galego-portugués do castelán ou francés, o cal pode sementar sospeitas de interferencias no uso natural de *u* ou *onde*.

1.2.1. Edición Mettmann

A edición crítica d'*As Cantigas de Santa María* de Walter Mettmann, na que me baseo, presenta a versión definitiva destas cancións a partir da análise e comparación dos códices conservados. Debemos notar que Mettmann inclúe o índice do códice E, completándoo cos epígrafes das cantigas que faltan. Con todo, na nosa investigación, non incluiremos o índice do códice E co que abre Mettmann a súa edición porque o seu contido sería reiterativo.

Tamén é de notar que en tres ocasións aparece *u* no refrán que segue ao limiar ou epígrafe que serve de título da cantiga. Aínda que este refrán se repite tantas veces como estrofas teña a cantiga, neste traballo, só contabilizamos un *u* no caso de aparecer no refrán, por tratarse dunha mera repetición textual.

2.0. *ŭbī* e *ŭnde* no latín vulgar

As diferenzas entre *u* e *onde* e os seus usos teñen unha historia longa dende a evolución do latín. Como menciona Maurer Jr. (1959: 166), sábese que o papel de *ŭnde* era moito máis limitado ca o da súa parella *ŭbī*. O primeiro adverbio tivo o dominio de procedencia, representando o que coñecemos hoxe en día como “de onde” e ás veces “de quen/de cal”. Por outra parte, *ŭbī* aparece nun número de situacións que non teñen correspondencia cos usos de *u* e *onde* no galego-portugués. Chegou a ser utilizado para casos de localización, dirección e temporalidade, e tamén era combinado cun elemento enclítico como *nam*, para expresar énfase na busca de algo ou alguén (Lewis, 1980).

2.1. As variantes ortográficas de *u* e *onde* n'As Cantigas

N'As *Cantigas de Santa María* achamos estas variantes das formas tradicionais *u* e *onde* que reflicten o polimorfismo da época medieval. No primeiro gráfico, vemos as variacións encontradas no texto destas cantigas.

As porcentaxes das variantes de *u* e *onde*

Variantes	Ocorrencias	Porcentaxe
u	586	73,71
hu	2	0,25
du	16	2,01
onde	86	10,82
ond'	100	12,58
unde	2	0,25
und'	1	0,13
donde	2	0,25
TOTAIS	795	100

Táboa I

Ao analizarmos a porcentaxe de cada variante gráfica, podemos notar dúas cousas. A primeira, o uso de *u* xunto ás súas variantes triplica (75,97%) o número de veces nas que aparecen *onde* e as súas variantes respectivas. A segunda, a diversidade de variantes ortográficas coas que se representaban *u* e *onde*, é moito mais ampla que a documentada por Bonfim (1993) no seu estudo con base na *Demanda do Santo Graal*, unha tradución do francés do século XIII. Pódese ver aquí unha vantaxe ao traballar cun texto coma o das *Cantigas*, xa que hai un espectro variado canto ao número de persoas que forman parte do grupo de escritores. Estas pequenas diferenzas son mostras tanto de inseguridade gráfica coma de variación, cambio e desenvolvemento lingüístico.

2.2. Exemplos achados de *u*, *onde* e as súas variedades

A continuación, amósanse varios exemplos da diversa utilidade semántica da que dispuñan as variedades léxicas de *u* e *onde*.

I). Localización

- U* (1) Aquesto farás: filla o pee de teu fillo, e non esperes a cras, mais ponllo *u* x' ant' estaba[...] (C.127, L.54)
- (2) E a bõa moller logo foi cata *u* a leixara[...] (C.335, L.55)

- Du* (3) [...] mas en aquestes non davan **du** a imagen estava... (C.161, L.35)
 (4) De saber tan sabedor é, que ben **du** con seu Fillo sé dali mostra[...] (C.168, L.13)
- Hu* (5) [...] o outro de sobr' un leyto, **hu** posera a sortella, atan toste lla furtava. (C.369, L.39) [*adverbio relativo*]
- Onde* (6) De Bretanna a Mëor por dous que see gran[d]'amor avian e gran sabor de viveren sen pecado; **onde** foi ajudador esta Madre do Sennor [...] (C.135, L.20)
 (7) [...] e aqueles dous que chegar veedes, Jhesu-Cristo sen dultar ést' e sa Madre, **onde** foi nacer. (C.261, L.61)
- Ond'* (8) [...] dizer que non rogue de corazón seu Fill', **ond'** á vertude; (C.30, L.28)
 (9) [...] e poren'd' un seu miragre oyde, se Deus vos valla, que fezo en Vila-Sirga, **ond'** outros muitos sabemos. (C.268, L.8)
- Unde* (10) [...] e pois foi-ss' a cas seu dono, **unde** mui maravillados eran quantos y estaban; (C.228, L.48)
- Donde* (11) Deu sa madr' a Deus graças que lle tan ben comprido foi o que demandava e **donde** sse doya. (C.241, L.82)

II). Movemento

- U* (12) E alá **u** o levavan, a Virgen que nos manten o foi fillar pela mão [...] (C.359, L.31) [*«a onde»*]
 (13) «Ai, amigos, tirade-me sen demora daqui **u** me deitou gente maa que amead' erra.» (C.103, L. 39) [*adverbio relativo; procedencia*]
- Du* (14) Logo, que non parecia **du** llos tiraran sinal, ante cuidavan ben todos que non ouvera en mal. (C.177, L.35) [*procedencia*]
 (15) «Juyão falso, que rezõava mal a meu Fill' e peyor a mi, por quanto mal nos ele buscava dá-nos dereyto del ben aly **du** vay ontr' os seus, en que fiava, e sei de nos ambos vingador.» (C.15, L.101) [*«por onde»*]
- Hu* (16) E foi-ss' **hu** eran os frades e seu abito pediu, e contou-lles quanto vira; (C.274, L.50) [*«até onde»*]
- Onde* (17) [...] e a maravilla fera foi enton ela mui leda poi-ll' el diss' **onde** vëera, dizendo: Tornar-me quero, e leixade-m' yr, varõa.» (C.55, L.72) [*procedencia*]
- Ond'* (18) E aquel poço fervia en come caldeira, **ond'** el espantad' estava de maa maneira. (C.119, L.42) [*adverbio relativo; «no que»*]
 (19) E poren seu entendedor serei enquant' eu viva, e a loarei e de muitos bees que faz direi e miragres grandes, **ond'** ei sabor. (C.130, L.37) [*adverbio relativo; «dos que»*]

- Und'* (20) [...] lles disse que sse tevesen de faze-la ata quando de Deus tal sinal ouvessen do logar u a farian a ssa Madr', **und'** el é Padre. (C. 309, L.28) [*adverbio relativo; «da que»*]
- Donde* (21) [...] e dentro no seu corpo cuydava e creya que tragia coobra, **donde** nos espantamos. (C.368, L.13) [*adverbio relativo; «do que»*]

III). Temporalidade

- U* (22) *U* a viu o cavaleyro, foi con medo [e]spantado e preguntou-lle quen era. (C.152, L.26) [*«cando»*]
- (23) [...] ena eigreja da Madre de Deus, a que muito praz con noso ben e acorre-nos cada **u** e mester. (C.318, L.13) [*«cada vez que/sempre que»*]
- Du* (24) O ben que perdeu Eva **du** perdeu parayso, cobrou Santa Maria pelo seu mui bon siso. (C.320, L.20) [*«dende que»*]
- (25) E **du** o mar grande perderá sa semellança, di-ll' o que soffriste u lle deron cona lança. (C.422, L.46)
- Onde* (26) **Onde** faz-ti levar logo sol que vires a luz cras; mas a missa que te digo da Madre de Deus farás dizer, e verá-lo corpo daquel que dela naceu [...] (C. 263, L.34)

IV). Outros usos: Discursivo e Fraseoloxía

- U* (27) E tanto lle diss' aquesto, que ela saborosa foi e d' alegría lle jurou en sas mãos que con ele s' irya e que leixaria log' aquel mōesteiro, **u al non averia**. (C.285, L.40) [*«certamente, sen dúbida»*]
- Onde* (28) **Onde** come a Deus lle devemos amor e come a Padre e noso Criador, e come a ome del coyta e door avermos de quanto quis por nos endurar. (C.50, L.25) [*«así que»*]
- (29) Ela lle disse: «Teu rogo de meu Fil' é ja cabudo; **onde** por mingua que ajas non dés ren, mais atrevudo sei ben, ca mui gran tesouro te darei que ascondudo jaz soo terra [...] (C.348, L.26) [*«de modo que»*]
- Ond'* (30) **Ond'** aqueste nome santo o monge tragia sigo da Virgen Santa Maria, de que era mui' amigo [...] (C.384, L.25) [*«así que»*]
- Unde* (31) **Unde** ao Bispo daquele bispado en que el morava foi end' acusado; (C.32, L.17) [*«de modo que»*]

V). Variantes contextuais

«per u»: (“por onde”)

- (33) [...] logo da capela u era metudo non viu end' a porta nen **per u** vëera. (C.11, L.156)

«per u quer que»: (“por onde queira que”; “a onde queira que”)

(34) E atal vida usou *per u quer que* andava muito, que jajüou nas feiras u mercava; (C.116, L.25)

(35) [...] e por pouco serviço ostran que grand' affan prenden *u quer que* vaam, pero longe non vam; (C. 401; L.67)

«*u quer que*»: (“*onde quiera que*”)

(36) [...] mas pero nunca achou, *u quer que* el estava, quen lle fexesse nojo ond' ouvesse queixume. (C.116, L.29)

«*u xe quer*»: (“*onde quer que sexa*”)

(37) [...] que fez a que do lin[n]age deceu do bon Rei Davi, e tal miragre com' este de contar é *u xe quer*. (C.318, L.8)

A seguinte táboa clasifica a porcentaxe do emprego das variedades achadas de *u* e *onde*.

Emprego das variantes de <i>u</i> e <i>unde</i>																
	Número de ocorrencia															
	<i>u</i>		<i>hu</i>		<i>du</i>		<i>onde</i>		<i>ond'</i>		<i>unde</i>		<i>und'</i>		<i>donde</i>	
	T	%	T	%	T	%	T	%	T	%	T	%	T	%	T	%
1. Localización (<i>Onde</i>)	315	53,75	1	50	2	12,5	10	11,63	10	10	-	-	-	-	-	-
2. Movemento																
a. Dirección (<i>até onde, a onde</i>)	65	11,09	1	50	1	6,25	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
b. Proveniencia (<i>de onde, do/a/os/as que</i>)	3	0,51	-	-	9	56,25	21	24,42	42	42	1	50	1	100	2	100
3. Temporal (<i>cando, dende que, sempre que/cada vez que</i>)	194	33,11	-	-	4	25	1	1,16	-	-	-	-	-	-	-	-
4. Outros empregos									2*	2						
a. Discursivo (<i>de modo que, así que</i>)	-	-	-	-	-	-	54	62,79	46	46	1	50	-	-	-	-
b. Fraseoloxía (<i>certamente, sen dúbida</i>)	9	1,54	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Táboa II

Cómpre sacar varias conclusións deste cadro sobre a extensión do uso destes adverbais, principalmente a de *u*. Aínda que o emprego deste último adoitaba oscilar

entre localización, dirección e temporalidade, chegando a constituír un 97,95% das ocorrencias, tamén existen casos de procedencia, aínda que son escasos. Polo outro lado, as dúas variantes *onde* e *ond'* forman a maior parte dos casos que indican procedencia, alcanzando xuntos un 79,75%, mentres que o seu uso co valor semántico de localización, apenas chega a un 5,92%. Emporiso, ambas as variedades de *onde*, aparecen con moita máis frecuencia asociadas a usos discursivos, en concreto no 99% deste tipo de casos, chegando a constituír un 53,76% dos usos totais de *onde* e *ond'*.

As variantes menos frecuentes tamén revelan datos interesantes. Só aparecen en dúas ocasións *unde* e nunha *und'*. Neste sentido, comprobamos a preferencia pola variante *onde* que determina a case desaparición da variedade latina *ũnde*. As dúas aparicións de *donde* son representacións da variante máis inesperada, e cuxa presenza pode ser xustificada pola combinación de *de* e *onde*, en ambos os casos co valor semántico de procedencia. No entanto, *du* preséntasenos cos usos e porcentaxes máis singulares. Esta variedade léxica é unha clara combinación de *de* e *u*, que nun 56,25% das ocorrencias posúe un valor de procedencia, mais tamén goza dunha porcentaxe sorprendentemente alta en canto ao uso temporal (25%). E dado que só aparece un caso das variantes de *onde* (incluíndo *unde*, *und'* e *donde* por compartiren o mesmo valor semántico) asociados a usos temporais, *du* dá a impresión de ser a variedade máis híbrida en canto a se identificar tanto con *u* coma con *onde*. Pola súa parte, *Hu* utilízase en dous dos usos máis frecuentes de *u*, localización e dirección, resultando ser unha das variantes máis estándar.

Así e todo, non debe sorprender que nas variedades de *u* e *onde* haxa unha mínima superposición en canto ao emprego de cada unha delas, pois Maurer Jr. (1959: 166) xa sinalou a respecto do latín vulgar casos en que *ũnde* e *ũbī* se confundían, entre varios outros adverbios de lugar.

3.0. Conclusións e futuras liñas de investigación

Neste traballo tentamos establecer unha visión sincrónica fiel á situación entre *u* e *onde* na época d'*As Cantigas de Santa María*. Como previsto, ao estendermos o alcance orixinalmente feito por Bittencourt (2003), que examinaba as primeiras cincuenta e dúas cantigas do cancionero sinalado, achamos que a diferenza de uso entre *u* e *onde* (en favor de *u*) era máis significativa naquel momento da historia ca en ningún outro. De case oitocentas ocorrencias entre as variantes de *u* e *onde*, as tres variedades ortográficas de *u* chegan a representar máis do 75% das veces nas que aparecen estes dous adverbios. É máis, na Táboa II precisamos as categorías que dan representación aos usos de *u* e *onde* ao recortarmos as delimitacións feitas

por Bittencourt (2003: 165) de doce a seis por motivos de mera simplificación. Das nosas seis clases, achamos que *onde* só supera a *u* en dúas (a de proveniencia e a de usos discursivos) en canto á porcentaxe de uso e resulta contundente o dato de que na acepción maioritaria (localización) só se use *onde* e as súas variantes nun irrelevante 0,94 % dos casos.

Ao termos en conta o que é sabido da perda de *u* e o predominio de *onde*, a pregunta que xorde, pois, é como puido caer un elemento cunha presenza tan forte e saliente coma *u*? A este respecto, e a pesar de ter analizado textos desde o século XIII até o século XV, Bonfim (1993), non chega a unha conclusión á que se pode aferrar:

Pelo visto, se de um lado na segunda metade do século XV, u e onde são variantes estilísticas e, em meados do século XVI, está documentada a antiguidade de u, há uma lacuna nos dados da análise, referente ao início do século XVI. Torna-se, portanto, necessário recorrer a uma amostra complementar, para dar conta desse espaço de tempo. (Bonfim, 1993: 117)

Na segunda metade do século XIV, *u* só retén un valor locativo e vese que a suba de *onde* como adverbio locativo principal comeza a aumentar. A pesar de ámbolos dous estudos mencionados aquí trataren o tema de *u* e *onde* dende un punto de vista cuantitativo, fai falla máis información, quizais máis sociohistórica ca sociolingüística, para chegarmos a unha conclusión da causa deste cambio. Así pois, cómpre seguirmos a investigar.

Referencias bibliográficas

- Bittencourt, Vanda de Oliveira. (2003). “*U* e *onde* nas Cantigas de Santa María: caminhos de gramaticalização e de discursivização”. En Leão, A. V. / Bittencourt, V. d. O. (eds.), *IV Encontro internacional de estudos medievais (Minas Gerais, 4/7-7-2001)*, 159-167. Minas Gerais: Belo Horizonte.
- Bonfim, Monteiro (1993). Variação e mudança no português arcaico: o caso de *u* e de *onde*. *Palavra*, n.1, 96-116. Rio de Janeiro.
- Fidalgo Francisco, Elvira (2002). *As Cantigas de Santa María*. Vigo: Xerais.
- Lewis, Charlton, T. (1890). *An Elementary Latin Dictionary*. New York: American Book Company.
- Maurer, Theodoro, Jr. (1959). *Gramática do latim vulgar*. Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica.
- Mettmann, Walter (ed.) (1981). *As Cantigas de Santa María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Said Ali, M. (1966). *Gramática histórica da lingua portuguesa*. São Paulo: Edições Melhoramentos.

Snow, Joseph (1977). *The Poetry of Alfonso X, El Sabio: A Critical Bibliography*. London: Grant & Cutler, Ltd.

Tavani, Giuseppe. (1986). *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia, D.L.